

Presencia da literatura galega no Anuario Brigantino

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Sumario

Neste traballo faise un estudio da presenza da literatura galega no *Anuario Brigantino*.

Abstrac

This paper presents a analysis about galega literature in the *Anuario Brigantino*.

En 1948 Don Francisco Vales funda e dirixe o *Anuario Brigantino*, publicación editada polo Concello de Betanzos que saíu os anos 1948, 1949, 1951. A súa publicación interrómpeuse durante trinta anos ata que reaparece, baixo a dirección de Vales, no ano 1981, publicándose sen interrupcións ata hoxe. En 1981, un ano antes de morrer, reaparece esta publicación baixo a dirección de Vales Villamarín. O *Anuario* tiña o subtítulo de “Historia. Etnografía. Bellas Artes. Administración municipal. Actualidade” e, sen deixar de lado o acontecer do ano na cidade, centrábase na esencia mesma da cultura pasada e presente, e nas raíces do pobo. Pero ademais o académico Vales soubo combinar nesta publicación os traballos de tipo histórico con traballos literarios, colaborando investigadores e autores de creación importantes a nivel de Galicia. O interese do director pola literatura maniféstase na importante cantidade de artigos publicados: poemas del mesmo e de autores galegos relevantes como Xosé M^a Díaz Castro cos poemas premiados nos Xogos Florais de Betanzos no ano 1946; textos de *La Mariñana* de Don Xosé García Acuña e a lembranza deste autor feita por Antón Villar Ponte; o conto de Ramón Villar Ponte titulado «Mandeu», premiado nos citados Xogos Florais, o conto de Manuel Roel titulado «O cabaliño branco»; poemas en galego de Fernando García Acuña e de Johan Vicente Viqueira; descrições de Betanzos feitas por Murguía, Martínez Salazar, Xoán Naya ou Cunqueiro, xunto co texto en galego de Ramón Villar Ponte; texto en prosa de Don Ramón Otero Pedrayo sobre o betanceiro Don Xosé M. Ferreiro. Traballos de importantes autores galegos xa falecidos e de compañeiros e amigos de Vales.

A publicación do primeiro volume do *Anuario* foi un acerto e Vales puido, con razón, considerarse orgulloso facendo unha publicación seria e aberta a todos os campos e a todas as artes e igualmente ás sinaturas prestixiosas ou a aquelas de autores máis modestos que tivesen algo digno de interese que aportar.

O *Anuario Brigantino* de 1982 é unha homenaxe a Vales e está dirixido por Xosé Antón García G. Ledo e José Raimundo Núñez Lendoiro. A partir de 1983, co número seis, o seu director é Alfredo Erias quen no ano 2003 cumpre vinte anos no laborioso traballo da edición desta publicación da que, contando o presente número do ano 2002, saíron 24

*Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Lingua e Literatura Galega do Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos

números -19 con Erias na dirección-. Na etapa de Erias a publicación estrutúrase nas seguintes seccións: “Historia”, “Arte e Literatura”, “Antropoloxía” (Etnografía nun primeiro momento), “Entidades culturais e deportivas”, “Acontecementos do Ano” e “Administración municipal”.

O *Anuario* recolle o sentido da Historia non como a simple relación dos feitos do pobo ou a referencia de sucesos, senón na manifestación da arqueoloxía, xeografía, filosofía, economía, relixión, psicoloxía, arte e literatura. Neste sentido e sen perder de vista o interese local supera o localismo na divulgación da riqueza cultural e constitúe unha auténtica plataforma de relación dos diferentes campos da cultura con outros lugares, linguas e culturas próximas ou diferentes.

Se na etapa de Vales a literatura galega encheu numerosas páxinas da publicación, imos considerar o papel que ocupa na segunda e actual etapa.

No número 6, ano 1983, Domingo García Sabell publica un pequeno ensaio en galego lembrando a relación sentimental que Álvaro Cunqueiro tivo coa cidade de Betanzos. Luís Álvarez Pousa asina o artigo titulado “Galicia, luces e sombras” onde afirma que Galicia é un pobo literario, reivindicando o cultivo da imaxe e a configuración da Fototeca de Galicia. Traballos de creación poética son a composición que, en lembranza de Francisco Vales Villamarín, publica Enrique Chao Espina, e o poema co título “Betanzos”; Ricardo García Gondell asina a composición en verso “Xusto e Xoana”¹.

O número 7, ano 1984, inclúe tan só unha nota informativa de Andrés Beade Dopico sobre a figura de Xesús Calviño de Castro, coa publicación de tres poemas en castelán² do poeta de Abegondo.

No número 8, ano 1985, insírese o artigo “Hombres de antaño: Fernando García Acuña” de Xosé Antonio Míguez, sobre a importancia de García Acuña na prensa e na poesía local; reproduce unhas composicións poéticas en castelán e ofrece unha selección de poemas en galego e en castelán do libro *Orballeiras* que o médico brigantino publicara no ano 1887 na cidade de Betanzos. Carlos Penelas en dous breves ensaios entre a creación e a investigación, “Visiones de Rosalía” e “Poesía y mito en el hombre gallego”, escribe sobre visións e aparicións no primeiro, e sobre o acto poético e a poesía no exilio.

No número 9, ano 1986, publícase o traballo “No centenario de dous persoeiros da cultura galega” onde Xesús Torres Regueiro ofrece unhas notas biográficas de Xohán Vicente Viqueira, e informa sobre a relación de Castelao con Betanzos.

O número 10, ano 1987, inclúe o traballo de Xosé Ramón Pena “Pedr’ Amigo de Sevilla: un poeta betanceiro na corte de Alfonso X” no que afirma a procedencia betanceira deste poeta medieval. Brais da Bouza³ publica o artigo “El segrel Parallé” sobre o poeta de Barallobre Xosémaría Pérez Parallé. Xosé Antonio Míguez asina o artigo “Dos brigantinos ilustres: Los hermanos García Acuña”, comentando aspectos da obra poética de Fernando e destacando a obra de Xosé no campo da creación coa novela en castelán *La Mariñana* e no ensaio político co libro, tamén en castelán, *Idearium Regionalista*. Xesús Torres Regueiro recupera o texto de Fernando García Acuña “José Vázquez (a) o Chiquito” que

1 Ricardo García Gondell, natural de Betanzos, é autor de diversas composicións en verso.

2 Xesús Calviño de Castro, natural de Abegondo, cultivou a poesía en galego e a obra dramática titulada *Forza Segreda*.

3 Nome literario do infelizmente falecido compañeiro Ignacio Pérez Vázquez.



fora publicado en 1888 no número 1 da revista *Galicia Humorística*, dirixida por Labarta Pose, e un ano despois no semanario betanceiro *Las Riberas del Mendo*.

No número 11, ano 1988, publícase o traballo de creación de Vales Villamarín “Xente coñecida: Xaime Pita”.

O número 12, ano 1989, inclúe “Manuel Roel, recreador do humor popular galego”, resume biográfico sobre este autor da autoría de Xesús Torres Regueiro, cunha escolma da súa obra. Xosé Antonio Míguez é o autor de “Recuerdo y evocación de don Francisco Vales Villamarín”, dedicándolle un soneto en castelán.

No número 13, ano 1990, Xesús Torres Regueiro publica “*In memoriam*: Xosé María Díaz Castro” en lembranza dos premios que o autor de *Nimbos* conseguira nos Xogos Florais celebrados en Betanzos no ano 1946.

O número 14, ano 1991, inclúe o traballo de Xulio Cuns Lousa, “O humor na poesía popular galega”, o de Xosé Antonio Míguez Rodríguez, “En el centenario del nacimiento de Don Francisco Vales Villamarín”, e “O cego dos monifates” de Isidoro Brocos, por Fernando Pereira e Xosé Sousa.

No número 15, ano 1992, publícase “Un médico cubano: Fernando García Acuña, en el recuerdo de su hermano José”, onde Xosé Antonio Míguez reproduce un texto de Xosé García Acuña sobre o seu irmán Fernando. Hai que destacar o traballo do erudito portugués Joaquim de Montezuma de Carvalho, “Algo sobre a vida notarial na Galiza: un libro de Xulio Cuns Lousa” onde, desde a súa posición de avogado, comenta os casos reais e curiosos que se producen nas notarías; constitúe a primeira manifestación da relación entre Galicia e Portugal aparecida nesta segunda etapa do *Anuario Brigantino*, retrocedendo ata o avó de Camões, fidalgo galego.

O número 16, ano 1993, inclúe o traballo de Xosé M. Núñez Seixas, “A dimensión política de Eduardo Blanco Amor (1919-1950): A difícil andaina dun intelectual no galeguismo”, onde fai un estudio da traxectoria política do autor de *A esmorga*. Publícase o “Pregón da festa do viño de Betanzos 1993” da autoría de Manuel María, e tamén o pronunciado por Xosé Neira Vilas nos Xogos Florais do mesmo ano, os dous traballos en galego.

O número 17, ano 1994, non inclúe ningún traballo relacionado coa literatura galega.

No número 18, ano 1995, inclúese “Homenaxe a Fernando García Acuña”, palabras de presentación que Xosé Antonio Míguez fixo para a edición facsimilar do libro *Orballeiras* de Fernando García Acuña. Xulio Cuns Lousa publica composicións presentadas aos Xogos Florais celebrados nos anos 1992, 1993, 1994 e 1995. Concepción Delgado Corral en “Fernando García Acuña no panorama da Literatura Galega” sitúa o autor no lugar que lle corresponde na Historia da Literatura Galega.

O número 19, ano 1996, publica “Alfonso R. Castelao, un miembro de la Generación del 14”, estudio de Isabel Gómez Rivas sobre o autor de Rianxo. Xosé Antonio Míguez en “*A Fuliada*: brigantina y coruñesa” resume as características desta publicación nas etapas betanceira e coruñesa. Míguez en “Precisiones biográficas sobre Fernando García Acuña” inclúe a partida de nacemento do poeta. Concepción Delgado Corral en “Literatura, historia e mito” estudia a poesía de Murguía e o comentario que esta provocou por parte de Xosé García Acuña, deténdose no poema dedicado ao Mariscal Pardo de Cela.

No número 20, ano 1997, Concepción Delgado Corral retoma a relación con Portugal no traballo “Un breve recorrido pola literatura pragmática e cinexética suxerido por escenas de caza de Galicia e Portugal”, conferencia pronunciada na presentación da *Carpeta de*

debuxos de caza de Alfredo Erias, e en “A propósito dun mito literario: Florbela Espanca” onde destaca a figura dunha das máis grandes poetas da literatura portuguesa. A poeta Olga Patiño Nogueira⁴ é a autora dun poema dedicado á pintura de Alfredo Erias e titulado “Monólogo do poeta da lúa (poema ó cadro *Home azul con pombas*, de Alfredo Erias).

No número 21, ano 1998, Concepción Delgado Corral continúa aportando datos sobre autores portugueses co traballo sobre un dos máis grandes narradores do século XX, “Unha excelente novela na que pouco se concreta: *O Delfim*, de José Cardoso Pires”. A mesma autora recupera un autor da zona de Betanzos nun estudio comparativo dos dous libros que publicou: “Guillermo Vázquez, autor de dous libros: *Pensando detrás do lar* e *A vida do pobre*”. Publícanse dous poemas, un de Olga Patiño titulado “Cando a cor se fai luz”, dedicado ao seu pai, e outro de Xosé Luís Sobrino dedicado á pintura de Erias e titulado “As vellas tardes (poema adicado ó cadro *Felipe Erias no labirinto*, de Alfredo Erias”.

O número 22, ano 1999, incorpora o traballo de Xulio Cuns Lousa sobre o propósito, “A propósito do propósito”, e do seu desenvolvemento na Coruña e en Betanzos. O traballo de Manuel Eugenio de Neira Pol, “Apuntes para unha biografía de Uxío Novoneyra”, aporta datos sobre o gran poeta do Courel, xunto cuns poemas autógrafos. O estudio da relación da literatura galega coa literatura portuguesa está de novo presente no traballo “Leite de Vasconcelos, a Real Academia Galega e a poesía galega” de Concepción Delgado Corral. A recuperación de figuras da literatura de Betanzos ou da súa zona centra o traballo “Don Manuel Murguía e un poeta emigrante de Betanzos” da mesma autora que aporta un novo nome para engadir á lista dos escritores da zona: Xosé Vázquez das Mariñas.

No número 23, ano 2000, a relación de Galicia e Portugal maniféstase no traballo “A tradución ao castelán dun poema de Eugénio de Castro en *El Eco de Galicia*”, ao mesmo tempo que se fai unha síntese da obra deste importante poeta. “Dúas versións da composición *Opuzo do Lago* de Eladio Rodríguez González” é un traballo onde Concepción Delgado Corral comenta as dúas versións que o autor fixo da citada obra. Olga Patiño Nogueira publica unha emotiva carta dirixida a Uxío Novoneyra.

No número 23, ano 2001, Xosé María Dobarro Paz publica o traballo “Curros Enríquez escolmado por Cabanillas: tres epístolas inéditas a César Alvajar”, estudiando a relación dos dous grandes poetas e aportando textos inéditos interesantes. Arturo Casas⁵ é autor de “Palabras para presentar a Obra Poética de Francisco Vales Villamarín. Betanzos, 26 de maio de 2000”, onde se recolle a presentación do crítico sobre os dous libros que se publicaron nesta cidade⁶. En “Notas sobre a vida e a obra de Miguel Torga: *Nihil Sibi*”, Concepción Delgado Corral continúa coa divulgación de autores portugueses, neste caso do gran narrador Torga que foi ademais un excelente poeta. “O decaer do espírito galego

4 Olga Patiño Nogueira é autora do libro de versos *Latexos fragmentados*, ed. GaliNova, a Coruña, 2002.

5 Arturo Casas é doutor en Filoloxía Hispánica, profesor titular da Área de Teoría da Literatura e Literatura comparada da Universidade de Santiago de Compostela, excelente poeta autor de *Sombra de Unidade* (1990), *Pedra de Nadir* (1995), *Momentum* (1997), e un dos máis importantes estudiosos da literatura, especialista en Dieste e con numerosos traballos sobre diferentes autores.

6 O volume I *Poesía inédita e dispersa en galego*, edición e estudio de Concepción Delgado Corral, e o volume II *Poesía en castelán*, edición de Concepción Delgado Corral, M^a Teresa Amado Rodríguez e Alfredo Erias.

nos terceiros Xogos Florais de Betanzos” é un traballo de recuperación da literatura de Betanzos de Concepción Delgado Corral.

No *Diccionario da Literatura Galega II* afirmase que, fronte á etapa de Vales, cunha presenza importante da literatura galega, nesta segunda etapa “é máis ben escasa a presenza de cuestións relacionadas coa literatura galega e as páxinas redactadas nesta lingua”⁷. Se ben os traballos sobre a literatura galega non teñen tanta presenza como os relacionados coa historia ou coa arte, e mesmo aparecen traballos concebidos desde unha perspectiva literaria castelá que nalgúns casos contemplamos na nosa análise sendo conscientes da súa tanxencialidade, o certo é que se vai afirmando unha tendencia cada vez maior e sobre todo claramente definida á investigación desde e sobre o mundo literario galego, investigación que non fica reducida ao ámbito local e que vai máis alá do ámbito propiamente galego coa divulgación da literatura portuguesa desde unha perspectiva literaria comparativa, analizando as relacións de dúas literaturas que formaron un tronco común, conectando así co pensamento de Vales quen sen dúbida celebraría o feito de que Erias lograra que o *Anuario* fose coñecido tamén en Portugal. En relación co uso da lingua, a utilización do galego é cada vez maior e, en varios números, maioritaria.

Temos que agradecer a Vales a fundación desta publicación. E a Alfredo Erias, o tela dotado, a través de vinte anos, dunha magnífica edición incluíndo textos e ilustracións dunha calidade excelente que a converte nunha obra de consulta obrigada non só no panorama da literatura galega senón tamén nos outros campos de investigación estudados. E, como non, ás corporacións municipais que promoveron e promoven unha publicación que sitúa Betanzos como un punto de referencia no mundo cultural galego na difusión dos seus propios valores e da cultura galega cun carácter universal.

⁷ *Diccionario da Literatura Galega II*. Publicacións periódicas. Ed. Galaxia. Vigo, 1997, pp. 50, 51.